

Literatura Galego-Portuguesa Medieval



Nos primeiros séculos da Idade Media, a literatura que se producía e consumía na Península Ibérica era maioritariamente en latín. Este era o idioma culto, utilizado para a relixión, a ciencia e os textos literarios. Porén, a partir do século XII, asistimos a un cambio fundamental: comezan a aparecer obras literarias escritas en linguas vernáculas, aquelas que se falaban na vida cotiá. É neste contexto no que se xera en Galicia unha literatura no noso propio idioma,

que inclúe tanto exemplos de **lírica** como de **prosa**.

A literatura galego-portuguesa medieval representa un dos momentos máis importantes da nosa historia cultural. Entre os séculos XII e XIV, o galego-portugués, que daquela era a lingua común, falada e empregada para a literatura tanto en Galicia como no norte de Portugal, gozou dun enorme prestixio literario en toda a Península Ibérica.

A lírica medieval (Séculos XII-XIV)


Dentro dos diferentes xéneros literarios que se cultivaron no medievo, a **lírica** foi sen dúbida o máis fino e prestixioso. Era a forma de expresión artística preferida polas cortes e pola nobreza.



No sur de Francia, floreceu unha lírica escrita en provençal que xa na época era moi estimada polos nobres de diferentes reinos. Esta lírica, que tiña como temas principais o amor e as emocións persoais, chegou a Galicia, a través do **Camino de Santiago**. En non moito tempo, influíu notablemente nos poetas da nosa terra, quen comezaron a crear as súas propias composicións, pero adaptándoas ao noso idioma.

Quer'eu em maneira de proençal
fazer agora um cantar d'amor
e querei muit'i loar mia senhor

Estas composicións no noso idioma adquiriron tal prestixio que, non só foron apreciadas aquí, senón que tamén foron adoptadas por poetas doutras zonas da Península. Nobres casteláns e leoneses, entre outros, comezaron a escribir poesía lírica en galego-portugués, consolidando o noso idioma como unha lingua de prestixio cultural.



Debemos de aclarar que hoxe en día a estas composicións os expertos as chaman lírica galego-portugués, porque os poetas as comezaron a producir tanto no territorio da actual Galicia como no da actual Portugal, cando o que se falaba nun lado do Miño e noutro era considerado a mesma lingua; mais continuaron a ser elaboradas polos poetas galegos e portugueses, cando o país luso se independizou de Galicia, e galego e portugués pasaron a considerarse pouco a pouco linguas diferentes.

Autores e Intérpretes da Lírica Galego-Portuguesa

Os autores e intérpretes da produción poética galego-portuguesa medieval podían dividirse en tres grupos, dependendo da súa categoría social e do seu rol na creación e interpretación das cantigas: trobadores, segreis e xogares.

- **Trobadores:** Eran os autores máis prestixiosos, pertencentes á alta nobreza e, nalgúns casos, mesmo reis. Estes grandes señores compuñan as súas cantigas e confiaban a súa interpretación aos xogares. Algúns trobadores máis poderosos mantiñan xogares ao seu servizo exclusivo para asegurar que as súas composicións fosen interpretadas nas mellores condicións posibles.
- **Segreis:** Situados un chanzo por debaixo dos trobadores en termos de status social, os segreis eran membros da pequena nobreza ou fidalguía. A diferenza dos trobadores, os segreis interpretaban



as súas propias composicións, e cobraban por elas nas cortes ás que asistían. Esta figura é exclusiva da lírica galego-portuguesa, non existindo no sistema trobadoresco provenzal.

- **Xograres:** Na escala social máis baixa, atopamos os xograres. En principio, estes eran exclusivamente intérpretes das cantigas compostas polos trobadores. Non obstante, nas cortes hispanas documentouse que algúns xograres tamén compuñan as súas propias cantigas. Eran figuras fundamentais, xa que, ao interpretar as cantigas, difundían a obra dos autores entre a nobreza e o pobo.

A parte destes tres grupos principais, destacaban tamén outros intérpretes, como os **menestreis**, músicos profesionais que tocaban os instrumentos durante a interpretación das cantigas. Aínda que non se conserva o nome de ningún menestrel específico, sabemos que xogaban un papel esencial nas representacións musicais. Outra figura importante era a das **soldadeiras**, mulleres que danzaban e acompañaban musicalmente as cantigas, e tamén tiñan un papel nos exércitos durante as campañas militares. A soldadeira máis famosa, que aparece en moitas cantigas, é **María Balteira**.

O Carácter Oral e Musical da Lírica Medieval

As **composicións** da lírica galego-portuguesa estaban deseñadas para ser interpretadas oralmente con acompañamento musical e, en moitos casos, tamén con danza, por iso reciben o nome de **cantigas**. Estas cantigas circulaban oralmente, o que significa que eran memorizadas e interpretadas ante o público en festas e eventos da nobreza. Porén, para asegurar a súa preservación e difusión, tamén foron recollidas por escrito, nos chamados cancioneiros.

Os cancioneiros son precisamente compilacións destas cantigas, realizadas por compiladores ou editores da época, que podían ser trobadores, nobres ou persoas interesadas en preservar e difundir a poesía. Son coleccións que reúnen unha gran cantidade de composicións de diversos autores. Debido a que na Idade Media non existía a imprenta, estas compilacións foron preservadas e difundidas en códices, que son libros manuscritos. Os copistas ou escribáns eran os encargados de reproducir estes códices. Moitos deles eran monxes ou persoas vinculadas a institucións relixiosas, pero tamén había copistas laicos. Estes códices podían estar ricamente ilustrados con miniaturas e adornos, obra de artistas especializados, o que os converte en valiosas pezas artísticas ademais de literarias.

Os **cancioneiros máis importantes** que conservaron a lírica profana galego-portuguesa son tres:

- **Cancioneiro da Ajuda:** O máis antigo, atopado e conservado en Lisboa. Este códice quedou incompleto, xa que carece de algúns nomes de trobadores, miniaturas e notación musical.
- **Cancioneiro da Biblioteca Nacional:** Con máis información e precisión, foi copiado a finais do século XV ou comezos do XVI polo humanista italiano



Angelo Colocci. Actualmente está conservado en Lisboa.

- **Cancioneiro da Vaticana:** Tamén copiado por Angelo Colocci, este códice está custodiado na **Biblioteca Apostólica Vaticana** en Roma.

Ademais destes cancioneros, un documento fundamental para a lírica galego-portuguesa é o **Pergamiño Vindel**, que contén as **sete cantigas de amigo de Martín Codax** e foi escrito a finais do século XIII. Este pergamiño, que inclúe notación musical, é un testemuño valioso da relación entre poesía e música na lírica galego-portuguesa. O seu nome provén do bibliotecario **Pedro Vindel**, que o descubriu.




Tipos de Cantiga

As cantigas galego-portuguesas medievais poden dividirse en dúas grandes categorías: **sacras** e **profanas**. Dentro das cantigas profanas, existen varios subxéneros.

Cantigas de Amor

As **cantigas de amor** son o xénero máis influenciado pola **lírica provenzal**. Están baseadas no concepto do **amor cortés**, onde o amante se presenta como un **vasalo** submisamente apaixonado pola súa dama, unha muller de clase alta, que está casada. Esta dama, denominada **Senhor**, é vista polo poeta como un ser case perfecto, a quen lle debe total devoción e respecto. O amor é entendido como servidume (amar = servir). A relación entre a voz lírica e a súa señora non é posible (xa que esta é dunha clase máis alta e está casada). O namorado sofre coita de amor, é dicir, pena e dor.



Trazos Comúns das Cantigas de Amor

- **Voz masculina:** Nestas cantigas, quen canta é sempre un home. Canta sobre o amor que procesa á súa amada, a quen chama "Senhor".

- **Amor espiritual:** O amor é presentado como algo espiritual, elevado, e non carnal, aínda que a beleza física da dama pode ser eloxiada como un reflexo da súa perfección interior.
- **Segredo amoroso:** O nome da dama non é revelado, respectando o segredo que rodea este tipo de amor, considerado un amor discreto e reservado.
- **Confidente:** Ás veces diríxese á súa “Senhor”. Pero outras pode dirixirse a Deus ou a un amigo, para queixarse ou confesarlle o seu amor.

Temáticas das Cantigas de Amor

As cantigas de amor galego-portuguesas poden tratar diferentes temas, entre os cales destacan os seguintes:

- **Louvanza da dama:** O poeta describe a beleza e virtudes da súa amada con abundancia de hipérbolos e comparanzas.
- **Amor do poeta:** A confesión do amor do poeta á dama, xa sexa de forma directa ou a través dun interlocutor.
- **Rexeitamento da dama:** A actitude da dama cara ao poeta pode ser de desdén, frialdade ou mesmo ira.
- **Coita de amor:** O sufrimento do poeta provocado polo namoramento, que xeralmente ocorre ao ver a dama. Os ollos son o "camino da coita" e as consecuencias deste amor non correspondido poden ser o pranto, a perda de sono, a loucura ou mesmo a morte por amor.

Características Formais das Cantigas de Amor

As **cantigas de amor** adoitan estar compostas por un número indeterminado de **estrofas** ou **cobras**, normalmente entre tres e catro, con versos que varían en número segundo a composición.

- **Rima:** A rima nas cantigas pode clasificarse de dúas formas:
 - **Macho/Femia:** Macho cando a palabra final do verso é aguda, e Femia cando é grave.
 - **Consonante/Asonante:** A rima consonante, na que coinciden tanto as vogais como as consoantes, é máis común nas cantigas de amor, mentres que a rima asonante, onde só coinciden as vogais, é máis típica nas cantigas de amigo.
- **Refrán:** A cantiga pode incluír ou non un **refrán**, que se repite ao final de cada estrofa ou en partes seleccionadas da composición. Se ten refrán dicimos que é unha **cantiga de refrán**. E se non ten refrán dicimos que é unha **cantiga de mestría**.

Recursos Literarios nas Cantigas de Amor

As cantigas de amor empregan unha serie de recursos literarios típicos da lírica medieval galego-portuguesa, como:

- **Dobre:** Consiste na repetición dunha palabra ou dun grupo de palabras en lugares dentro da mesma estrofa.

Pero que eu mais long' estou
de mia señor e do seu ben,
nunca me dé Deus o seu ben
pero m' eu dela long' estou.

- **Mordobre:** Variante do dobre, onde se repite un lexema pero con variacións morfolóxicas.

quando **a fez**, que **a fez** sabedor

Exercicios

S6. Sinala nos seguintes fragmentos de dúas cantigas o *dobre* e o *mordobre*:

<p>Pero que eu mais long' estou de mia señor e do seu ben, nunca me dé Deus o seu ben pero m' eu dela long' estou.</p>	<p>Mais sol non posso eu enganar meu corazón que me enganou, por quanto me fez desejar a que me nunca desejou.</p>
--	--

Di ademais se a rima é consonante ou asonante, e se é macho ou femia.

TEXO 1

A dona que eu am'e tenho por **senhor**
amostrade-mi-a, Deus, se vos en prazer for,
senom dade-mi a morte.

5 A que tenh'eu por lume destes olhos meus
e por que choram sempr', amostrade-mi-a, Deus,
senom dade-mi a morte.

Essa que vós fezeistes melhor parecer
de quantas sei, ai, Deus!, fazed-mi-a veer,
senom dade-mi a morte.

10 Ai Deus! que mi a fezeistes mais ca mim amar,
mostrade-mi-a, u possa com ela falar,
senom dade-mi a morte.

1. Quen fala? A quen se dirixe? Que lle pide?

2. Cal é a consecuencia do desamor? Pranto, loucura ou perda do sono?

3. Como é a rima? Asonante ou consonante? Macho ou femia? Ten refrán?

TEXTO 2

<p>Muitos dizen con gran coita d'amor que querrían morrer, e que así perderían coitas; mais eu de mí quero dizer verdade a mía senhor: quería-me lh'eu mui gran ben querer, mais non quería por ela morrer,</p> <p>como outros morreron; e, que prol ten? Ca des que morrer non a veerei nen bõ serviço nunca lhi farei. Por end', a senhor que eu quero ben quería-mel'eu mui gran ben querer, mais non quería por ela morrer,</p>	<p>com'outros morreron no mundo ja, que depois nunca poderon servir as por que morreron, nen lhis pedir ren. Por end', esta que m'estas coitas dá quería-me-lh'eu mui gran ben querer, mais non quería por ela morrer, ca nunca lhi tan ben posso fazer serviço morto, como se viver.</p> <p>PAIO GÓMEZ CHARIÑO</p>
---	---

1. Quen fala?
2. Que é o que non quere esta persoa? Por que non o quere?
3. É feliz esta persoa? Cal é a súa actitude cara a súa situación amorosa?
4. Con que identifica a voz lírica o amor?
5. Como é a rima? Asonante ou consonante? Macho ou femia? Ten refrán?
6. Sinala o dobre e o mordobre da primeira estrofa.

TEXTO 2:

Amigos, nom poss'eu negar
a gram **coita que d'amor** hei,
ca me vejo **sandeu** andar,
e com sandece o direi:
5 os olhos verdes que eu vi
me fazem ora andar assi.

Pero quem quer x'entenderá
aquestes olhos quaes som,
e dest'algúem se queixará;
10 mais eu, já quer moira quer nom:

os olhos verdes que eu vi
me fazem ora andar assi.

Pero nom devia a perder
home que já o sem nom há
15 de com sandece rem dizer,
e com sandece dig'eu já:
os olhos verdes que eu vi
me fazem ora andar assi.

Johan Garcia de Guillade

- 1 Cal é o tema principal do poema? A louvanza da beleza da amada, a confesión do amor, o rexeitamento da amada ou a coita de amor?
2. Que parte do corpo é a que namora á voz lírica?
3. Como é a rima? Asonante ou consonante? Macho ou femia? Ten refrán?

Bem sabia eu, mia senhor,
 que pois m'eu de vós partisse
 que nunca veria sabor
 de rem, pois vos eu nom visse,
 5 porque vós sodes a
 melhor
 dona de que nunca oísse
 homem falar;
 ca o vosso bom semelhar
 sei que par
 10 nunca lh'homem
 pod'achar.

1 Cal é o tema principal do poema? A louvanza da amada, a confesión do amor, o rexeitamento da amada ou a coita de amor

**Em gram coita, senhor,
 que peor que mort'è,
 vivo, per bõa fé;
 e polo voss'amor
 esta coita sofr'eu
 por vós, senhor, que eu**

**vi polo meu gram mal;
 e melhor mi será
 de moirer por vós já;
 e pois me Deus nom val,
 esta coita sofr'eu
 por vós, senhor, que eu**

**polo meu gram mal vi;
 e mais mi val morrer
 ca tal coita sofrer;
 pois por meu mal assi
 esta coita sofr'eu
 por vós, senhor, que eu**

**vi por gram mal de mi,
 pois tam coitad'and'eu.**

1 Cal é o tema principal do poema? A louvanza da beleza da amada, a confesión do amor, o rexeitamento da amada ou a coita de amor.

2. Con que se asocia o desamor neste poema? Co pranto, coa falta de sono, coa morte?

(I) –Miña señora, víñenvos rogar, por Deus, que vos lembredes de novo de min, xa que me tivestes e aínda me tendes agardando, e penso que me heí avergoñar diso. E, se vos prouguer, debedes hoxe honrar a miña persoa, que adoita sempre andar honrada, e non me deshonredes vós.

(II) –Cabaleiro, ofender a vosa persoa nunca me ouviredes, mais deixémola estar, e diso que dicides [...] non penso en amavos nin o pensarei, coido eu, máis do que agora vedes.

1 Cal é o tema principal do poema? A louvanza da beleza da amada, a confesión do amor, o rexeitamento da amada ou a coita de amor.

